

**ACTA NUMERO TRINTA E TRES DAS CELEBRADAS
POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA VINTE
DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

D. Salvador Duran Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Angel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D. Martín Otero Otero
D. Mario Caldas Agís
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D^a Gloria González Camiña
D. Albino Caneda González
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José-Ramón López Fernández
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTE :

D. Manuel Lores Puente

SECRETARIO :

D. Ángel – Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as dez horas do día vinte de abril de dous mil dez, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesións os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión ao obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria.-----

1º) EXPOSICIÓN DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL PROPOSTO PARA O CONCELLO DE SANXENXO. A Sra. Alcaldesa deu lectura ao punto da orde do día e indicou que a continuación intervirían pola orde de maior a menor número de concelleiros os distintos grupos políticos que asinaron a moción, pechando as intervencións o grupo popular.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, sinalou que, dende o mes de febreiro que entrou no concello o documento e ata agora, que falta menos dun mes para o remate do prazo prorrogado, tan só se sabe a postura do goberno municipal a través dos medios de comunicación, o que non basta, porque os veciños teñen dereito a máxima información posible. Neste senso, abriuse unha oficina técnica de consultas na que o informado non ía na mesma liña que o transmitido polo goberno municipal nos medios de comunicación, polo que é importante saber o que pensa o grupo popular nun tema moi importante e que podería xerar alarma pola repercusión no patrimonio dos veciños. Tamén aludiu a que este Plan de Ordenación do Litoral (en diante POL) non é válido dende o punto de vista de protección do medio ambiente posto que o que máis protexe non é o fronte da costa, senón que crea afeccións no interior dos concellos que non teñen sentido, perseguindo cambiar un modelo territorial tradicional en Galicia por outro propio doutras zonas do Estado, merecendo ser retirado e plantexado dunha maneira distinta pola Xunta de Galicia.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, aludiu a que tiveron que cambiarse dúas veces os planos de información ao non entenderse os mesmos, tendo unha redacción ambigua e arcaica, como si o que se perseguía era que os veciños non se enteraran deste plan. Asemade criticou a inseguridade xurídica e económica que esta norma ía traer así como a súa falta de carácter técnico, cualificando o POL de danoso para os veciños.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, logo de asumir o escoitado anteriormente, escomenzou a súa intervención dicindo que el era tan ecoloxista como o que máis, pero sempre con unha actuación consensuada e de acordo coa realidade, posto que nos tempos de crise actuais non lle parecía adecuada esta lei que é a máis restrictiva dos últimos anos. Salientou o escaso número de alegacións presentadas polos veciños, o que dá a entender que o pobo non sabe que se está expoñendo o POL. Tamén resaltou o cúmulo de irregularidades xurídicas que reunía un plan no que nin sequera os planos son fáciles de entender o que amosa que foi realizado en pouco tempo, con falta de capacidade técnica en quen o realizou e política dos que mandaron realizalo. Finalmente aludiu a que con este POL se sacan competencias urbanísticas aos concellos.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, manifestou que se ía ceñir a este punto da orde do día e dixo que o POL define o seu modelo territorial en áreas, espazos de interese, ámbitos cualificados e sistemas xerais, describindo a continuación os distintos tipos de áreas.

O Sr. Otero Domínguez, á vista do indicado polo voceiro do grupo popular, indicou que o goberno municipal seguía na mesma postura de quitarlle importancia ao POL, posto que o anterior interviniente limitouse á ler a súa documentación, pero sen entrar en valorar a repercusión do mesmo sobre o concello de Sanxenxo e a intencionalidade coa que fíxose. Neste intre a **Sra. Alcaldesa** indicou que estas matizacións do Sr. Otero Domínguez correspondería realizalas noutros puntos da orde do día. O **voceiro do BNG** proseguiu a súa intervención recalando a súa disconformidade co modelo territorial exposto no POL e que, ademais, podía dicirse que o documento remitido tiña erros, pero en ningún caso provocados polo descoñecemento posto que, debía lembrarse que a Directora de Urbanismo da Xunta de Galicia foi no seu día Xerente de Urbanismo deste concello, non sendo admisible tampouco a postura que pretendeu dar o grupo popular de que se trataba nesta fase de tramitación, dun lienzo en branco que se podía hencher posteriormente.

A Sra. Agúin Pombo amosou a disconformidade polo dito polo Sr. Casal Moldes posto que este limitouse a dar lectura á literatura do plan, sen valorar o que este supón para o concello de

Sanxenxo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** subliñou que no PXOM actual xa atópase protexido aproximadamente un 40% do concello e que, coa afección plantexada no POL, tan só quedaría un 30% sobre o que se podería construír, en zonas nalgún caso xa edificadas. Por último criticou o obscurantismo co que se está a tratar este tema sendo a mostra desto a hora de celebración deste pleno pola mañá.

O **Sr. Casal Moldes** sinalou que non existía ningún obscurantismo, senón todo o contrario, transparencia, como o mostra o carácter inmediato deste pleno desde a súa solicitude pola oposición, engadindo que practicamente dende a entrega do POL no concello existe unha oficina aberta ao público na que se atenderon máis de cincocentas consultas. Por último, aludiu a que nas anteriores intervencións se trataron asuntos que non correspondían a este punto da orde do día.-----

2º) AFECTACIÓN DO “POL” SOBRE O “PXOM”. A **Sra. Alcaldesa** deu lectura ao punto da orde do día.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou, en primeiro lugar, que parecía que a **Sra. Alcaldesa** non lle gustaba que se fixera este pleno extraordinario, precisando neste intre a **Sra. Presidenta** que era un dereito que tiñan os concelleiros e que senón o pedían era porque non se poñía de acordo a oposición. O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que non se necesitaría que a oposición o convocara se fora a propia alcaldesa a que así o fixera nun tema de tanta importancia como éste. A continuación o **Sr. Otero Domínguez** proseguiu dicindo que o grupo de goberno, dende o ano 2003, aprobou e desenvolveu un PXOM urbanizador e agresivo a costa, algo co que o BNG non está de acordo, pero outra cousa e decirlle aos veciños que non se preocupen porque o PXOM prevalece sobre o POL, o que é falso, tal e como se pode ver coa lectura do artigo 3 da normativa do POL, dato este último que amosa cales son as prioridades do Partido Popular.

A **Sra. Aguiñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, subliñou que o informe mandado á Xunta de Galicia amosa que o POL non hai por donde collelo e indica que vota de menos unha maior información aos veciños sobre as repercusións do POL sobre as posibles restricións nas edificacións que agora estaban permitidas polo PXOM. Tamén incidiu en que agora lembraba as críticas habidas no ano 2007 contra a lei do bipartito respecto da franxa de protección dos cincocentos metros, coa que, agora, si se estaba de acordo. Por último, indicou que o expresado no informe eran suxerencias, non alegacións.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que o informe non é do grupo de goberno municipal senón que o fixeron técnicos municipais, fixo fincapé no número de follas do citado informe e a continuación explicou que nun concello cun carácter turístico como Sanxenxo é fundamental a normativa de protección das costas pero, o POL paradóxicamente, protexía zonas interiores, subliñando que esta normativa debeu haberse elaborado no ano 2003 coa LOUGA. O concelleiro interviniente preguntouse como se ían a tratar as suxerencias que presentaran os veciños os derradeiros días do prazo (10 de maio) xa que a pretensión do goberno galego e que entre en vigor o POL o día 17, o que, practicamente, levaría a non atender sequera as últimas alegacións que se presentaran. Por último, e dado que o Concello de Sanxenxo é o máis castigado de Galicia por este proxecto do POL, sería fundamental consensuar unha alegación.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que prestaría apoio a todas as alegacións que se presentasen e fosen consecuentes e que o único que se está a facer era traballar para tratar de conseguir que o futuro POL se adapte ás realidades do concello.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, indicou que dende o primeiro día, tanto a alcaldesa como o grupo municipal, asumiron a defensa do PXOM e tamén desde o primeiro día se montou unha oficina técnica para informar aos veciños coa idea de trasladar estas alegacións dentro do informe municipal, precisando que dentro das numerosas persoas que preguntaron aos técnicos, non figuran as dos distintos grupos municipais da oposición. Por último, utilizando a planimetría do POL e as modificacións mínimas que se habían realizado polos técnicos para facelo máis comprensible, procedeu a explicar as afeccións que para o concello de Sanxenxo supoñía o POL.

O **Sr. Otero Domínguez**, en referencia ao exposto polo Sr. Casal Moldes, sinalou que calquera podía ensinar os planos e ler a normativa pero o importante era describirlle aos veciños os efectos que para eles terá o POL posto que, aparte da franxa dos cincocentos metros, tamén o interior do concello de Sanxenxo vese afectado por este documento, concretamente a moitos dos núcleos existentes se lles define como asentamentos potenciais que resultan afectados a través de corredores ecolóxicos, condenando a morte de moitos destes núcleos e, configurando o que é un troco na realidade nos asentamentos tradicionais en Galicia, finalizando a súa intervención para dicir a modo de exemplo, que Vilalonga, para o POL, non é núcleo tradicional.

A **Sra. Aguíñ Pombo** indicou que sentíase defraudada polo exposto polo concelleiro de urbanismo do Concello de Sanxenxo no pleno, sen referirse as consecuencias técnicas e incluso políticas que o POL suporía para os veciños, manifestando que felicitaba aos técnicos municipais que estiveron na exposición do POL polo traballo realizado para tratar de explicar aos veciños un documento que tiña grandes dificultades para ser soamente entendido.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** tamén criticou a intervención anterior do concelleiro de urbanismo por canto, senón se coñecía o POL, non se sabería o que aquel estaba a ensinar no pleno. A continuación precisou que VIPS presentou alegacións ao POL e que este grupo foi varias veces a ao local donde se expoñían os planos. A continuación indicou que o que debía explicarse eran as consecuencias do POL para Sanxenxo e preguntouse por determinadas incógnitas que existían en relación a este documento, como porque non se expuseron as disposicións transitorias, cales eran os criterios para definir os corredores ecolóxicos ou que se ía facer en cada unha das zonas de protección. Tamén sinalou que hai solo que non protexe o POL e si o fai o propio PXOM e finalizou a súa intervención para indicar que si se aproba inicialmente o POL xa existirán consecuencias con respecto das zonas afectadas polo mesmo, o cal non é positivo nun momento de crise como o actual.

O **Sr. Casal Moldes** defendeu a actuación dos técnicos que están na oficina aberta polo concello, indicou que a aprobación se producía con esta urxencia logo de que durante os dous derradeiros anos do seu goberno o bipartito non fixera nada ao respecto e, ante o sinalado polo Sr. Otero Domínguez, aludiu a que se estaba malinformando á xente e, por último, manifestou a súa convicción de que o traballo feito se reflexaría no momento da aprobación inicial.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que o documento remitido ao concello era un borrador de traballo, non estaba aprobado, se enviou para seu informe e o concello o espuxo para que todo o mundo o coñecera e fixera as aportacións que considerasen oportunas. Aludiu a que o POL era un documento necesario, logo de que o bipartito aprobara unha normativa que non desenvolveu nos dous anos posteriores, o que cbrigaba a unha actuación rápida da Xunta de Galicia. Engadiu que se pretendía que se fixera un POL adaptado á realidade e que estivera de acordo co PXOM aprobado en Sanxenxo, recollendo sempre o mellorable, o que consideraba unha forma de traballo. Neste senso,

o concello xa presentou unha serie de suxerencias e que non ten problemas en que se incorporen unhas novas que se poidan presentar polos veciños ou polos propios grupos políticos.-----

3º) CRITERIOS E SUXERENCIAS EFECTUADOS GRUPO DE GOBERNO MUNICIPAL Á XUNTA DE GALIZA. A Sra. Alcaldesa deu lectura ao punto da orde do día.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, empezou dicindo que dende o goberno se dixo aos veciños que non se preocuparan porque o PXOM prevalecía sobre o POL, o que, á vista da normativa de este último documento, non é posible, e despois se presenta un informe no que, se se acepta, da como resultado unha modificación do 80% do POL en Sanxenxo, non crendo que se fose a admitir todo o aportado no informe, pero si que pensaba que, aínda que non fose así, despois o goberno municipal aceptaría o que viñera, porque non van a facer nada para contradecir o que se faga dende a Consellería e a Xunta de Galicia. Po último, e dado que o propio informe supón unha elevada modificación do sinalado no POL para Sanxenxo, non entendía que o goberno municipal non se pronunciara en contra do referido plan.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, indicou que a postura do partido socialista estaba moi clara e así se reflectiu nos xornais e engadiu que non se debía confundir aos veciños nin enganalos, pois, nesta fase de tramitación, éstos non podían presentar suxerencias. A postura da Sra. Alcaldesa é de estar de acordo co que aproban os seu xefes, a pesar do que lle fan e precisou que no 2007 para o goberno municipal estaba mal a protección dos cincocentos metros e agora, en cambio, se amosan de acordo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, calificou o POL como mal borrador de traballo, precisou que o informe é do Xerente Municipal de Urbanismo, polo tanto, non era unha alegación do grupo popular e sí un informe técnico realizado por unha persoa que está en nómina do concello, informe co que está de acordo na súa maioría e que rexeita o POL. O interviniente tamén dixo que a súa postura era a mesma manifestada nun acordo tomado por esta corporación municipal en maio de 2009 en que se pedía a elaboración dun documento que regulara a costa atendendo as especificidades da mesma sen que fora obxecto de igual protección en toda súa extensión.

A continuación o **Sr. Casal Moldes** e a **Sra. Lago Martínez** deron lectura ao informe emitido e remitido a Xunta de Galicia que literalmente di:

“Visto o Documento Inicial do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL), remitido dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, ó abeiro do disposto no art. 15.2 da *Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia*, cómpre emiti – lo seguinte **INFORME**:

PRIMEIRO.- O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL) é un instrumento redactado ó amparo da vixente Lei de Ordenación do Territorio (LOT) que, consonte se indica no art. 5 da súa Normativa, encádrase na categoría dos **Plans Territoriais Integrados**.

Segundo o art. 12 da LOT, tales instrumentos formularanse en “**desenvolvemento das Directrices de Ordenación do Territorio**”; sendo de sinalar que o art. 6.b. do mesmo corpo legal atribúe a éstas a función de **constitui – lo marco xeral de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación territorial**. Polo que non deixa de resultar sorprendente que, non existindo na Comunidade Autónoma Galega, o día da data, Directrices de Ordenación do Territorio debidamente aprobadas e vixentes, se pretenda por parte da Consellería competente na materia, aprobar un instrumento de ordenación que se atopa destinado a servir de desenvolvemento doutro que aínda non foi aprobado.

Por conseguinte, o que parecería razoable sería contar, en primeiro termo, coas Directrices de Ordenación do Territorio da Comunidade Autónoma para, posteriormente, tramitar e aproba – los instrumentos destinados a

desenvolve – las súas determinacións, entre os que podería encadrarse o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, a fin de evitar hipotéticas vulneracións do Principio de xerarquía normativa. O que se pon de manifesto os efectos que resulten oportunos.

S E G U N D O.- Entrando xa na análise de fondo, cómpre indicar, en primeiro termo, que o Documento Inicial do POL achegado, a fin de conseguir unha maior claridade no seu alcance, debería modificarse de modo que **na súa documentación planimétrica se recollese a delimitación concreta dos terreos afectados polas súas determinacións mediante liña grafiada ó efecto**, tendo sempre en conta a súa **vocación de instrumento destinado a ordenar, protexer e regula – lo que, por criterio técnico, mereza a consideración de FRONTE LITORAL**. Sendo **manifestamente inadecuado que un instrumento como o referido pretenda, como é o caso, extende – las súas determinacións a ámbitos espaciais ubicados terra a dentro**, que se revelan como completamente **alleos á natureza e características propias da paisaxe litoral ó que o documento do POL ha de responder**.

Neste senso, **a incidencia do POL debería acotarse**, con carácter xeral, **á franxa de terreo conformada polos primeiros 500 metros medidos linealmente dende o límite interior da ribeira mar dos Concellos afectados**, que é onde verdadeiramente se empraza a fronte litoral e a paisaxe vinculada ó mesmo, evitando extende – los seus efectos a espazos que polo seu emprazamento terra a dentro resultan alleos ó concepto expresado.

A conveniencia de acota – la incidencia do POL sobre dita franxa de terreo, ademáis de que gardaría plena coherencia coa medida cautelar da suspensión da tramitación dos instrumentos de desenvolvemento urbanísticos comprendidos nesa franxa litoral, adoptada co gallo da aprobación da *Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*, e na *Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de 14 de maio de 2009, pola que se acorda a suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia*, viría validado pola propia natureza do instrumento obxecto de informe e polas referencias legislativas ó respecto contempladas en distintos corpos normativos.

Así, o **art. 85.7 d) da LOUGA**, que regula a tramitación dos planeamentos xerais, establece que a Consellería competente en materia de Urbanismo analizará a incidencia dos plans en materias de competencia autonómica e sobre políticas autonómicas de desenvolvemento sostible; enténdendose como de **interés autonómico, precisamente, a ordenación urbanística dos terreos situados na franxa do 500 metros medidos dende a ribeira do mar, dado o valor intrínseco do litoral como recurso natural e ambiental non renovable**. É dicir, é a propia LOUGA a que ven a establecer unha primeira acotación do que ha de considerarse como fronte litoral. No mesmo senso, a **normativa estatal sectorial en materia de costas, art. 30 da Ley 22/1988, de 28 de julio**, ven a vincula – la zona de influencia da costa á referida franxa de terreo.

Respecto das determinacións do POL sobre o Concello de Sanxenxo, cómpre dicir, de entrada, que unha simple análise dos planos contidos no documento achegado pon de manifesto o feito de que **se delimitan áreas de protección en terreos ubicados a kilómetros de distancia da costa que nada teñen que ver coa paisaxe litoral, e que deberían resultar excluídos da súa influencia**. Salvo certas excepcións, como os espazos incluídos na Rede Natura, **as proxeccións das determinacións do POL máis aló dos 500 metros carecen de toda xustificación**, e denotan, ben ás claras, unha manifesta **extralimitación na que o documento achegado incurre**, e que ven a apartarse do verdadeiro obxectivo que ha de perseguir – lo instrumento desta natureza.

Acompáñase como *Anexo I*, Plano do termo municipal no que se grafía a franxa de terreo dos 500 metros medidos linealmente dende a ribeira do mar.

En concordancia co manifestado e coa finalidade de dotar ó instrumento obxecto de exame da necesaria coherencia, solvencia técnica e seguridade xurídica, propónse a súa modificación no senso seguinte:

- a) Contemplar na documentación planimétrica do instrumento ó que se lle preste aprobación inicial, o ámbito territorial concreto afectado sobre o que o POL extenda as súas determinacións mediante liña grafiada ó efecto, por canto que no documento achegado, esta circunstancia, á vista das tramas asignadas, se revela certamente difusa, incoherente e arbitraria, e
- b) Que a delimitación do POL comprenda, exclusivamente, a franxa de terreo integrada polos primeiros 500 metros medidos de forma lineal dende o límite interior da ribeira mar, por ser estes terreos os propios da fronte litoral e das paisaxes vinculadas ó mesmo.

T E R C E I R O.- Sen perxuício da conveniencia de incorpora – las suxerencias expresadas no apartado anterior o documento, **procedería excluír do ámbito da súa aplicación, de forma clara e diáfana, tanto os terreos que, á súa entrada en vigor, xa estivesen transformados urbanisticamente, como aqueles que se atopan en pleno proceso da súa transformación**. Entendendo, con carácter xeral, por terreos transformados, aqueles que o vixente planeamento tivese clasificado como **Solos Urbanos Consolidados, Solos de Núcleo Rural, e aqueles suxeitos a desenvolvemento urbanístico que xa tivesen finalizadas as obras de urbanización**; e por Solos en proceso de transformación, os que estivesen **tramitando os seus instrumentos de planeamento ou de xestión ou en expectativas da súa tramitación, e os que estivesen executando as obras de urbanización**.

O motivo de excluí – los solos transformados ven determinado polo feito de que **xa forman parte da malla**

urbana dos termos municipais ós que pertencen, da cidade feita e tramada, ou dos asentamentos poboacionais vinculados ó medio rural, respecto dos que non ten sentido, neste intre, a imposición das categorías de protección definidas no POL, senón ás fixadas polo PXOM vixente. En canto ós solos en transformación, por canto que o mantemento das determinacións do documento achegado suporía, dunha banda, **obtura – la posibilidades de crecemento demográfico e económico futuro dos Concellos afectados**, e de doutra, porque **inviabilizaría os desenvolvementos urbanísticos que se atopasen en marcha, coas eventuais CONSECUENCIAS INDEMNIZATORIAS que, no seu caso, se derivasen, e das que sería responsable, en exclusiva, a Administración Autonómica.**

En definitiva, os mecanismos protectores definidos nos planos do POL veñen a supor un cambio das regras de xogo que, de manterse tal e como están definidas, actualmente, poderían levar á quiebra técnica de numerosos particulares e sociedades que efectuaron importantes inversións tendentes ó desenvolvemento urbanístico dos distintos solos; cuestión esta, que a Administración Autonómica non pode pretender descoñecer e muito menos obviar.

En concordancia co manifestado propónse excluir do POL as categorías urbanísticas dos solos indicados nos parágrafos anteriores asignándolles nos planos unha trama de cor claramente diferenciada respecto das previstas para as distintas áreas definidas no POL, para evitar cualquier xénero de dúbidas.

C U A R T O.- Completando o manifestado, ha de indicarse, ademáis, que **o vixente PXOM deste Concello**, aprobado definitivamente por Acordo do Concello Pleno de 27 de febreiro de 2003, ó abeiro da Disposición Transitoria Terceira da Lei 9/2002 **estableceu unha ordenación urbanística tendente, claramente, á protección da fronte do litoral do termo municipal.** Así, na súa Memoria xustifícase a elección dun modelo territorial que se cimta sobre o desenvolvemento urbanístico sostible a través do aproveitamento e protección dos valores medioambientais e culturais propios do seu territorio, establecendo como premisa a necesidade de preservar e potenciar, mediante unha normativa adecuada, aqueles espazos que merezan unha especial protección por constituir enclaves de interés ecolóxico, arquitectónico, arqueolóxico, paisaxístico, etc.

Nese marco, o vixente Plan Xeral realizou unha proposta de ordenación encamiñada a ensalza – los valores intrínsecos do seu territorio, concentrando os usos residenciais e terciarios nos núcleos poboacionais tramados, e ubicando os previstos para o novos desenvolvementos no interior do termo municipal; co que se contribuíu a liberar de presión urbanística ós espazos territoriais a protexer. Dentro das políticas do Plan Xeral resalta a adicada á protección da paisaxe, riqueza de especial valor no municipio, sendo as zonas costeiras, os vales e as alturas máis significativas, de especial atención no planeamento.

Coa intención de salvaguardar estes valores, aumentáronse notablemente as extensións suxeitas a proteccións especiais aplicables a zonas de interés medioambiental, ecolóxico, paisaxístico e histórico – cultural, convertíndose en valores para un desenvolvemento integrado e sostible dun territorio no que o turismo centra a maior parte das expectativas do seu crecemento.

Baixo esas directrices o PXOM contempla na borde litoral diferentes proteccións de carácter paisaxístico, ambiental e cultural; e así, asigna proteccións a tódolos saíntes da costas, integra espazos contemplados en rede natura 2000, e recolle unha ordenación sostenible e adecuada a todos os elementos susceptibles de protección precisamente nesa área. Salvo os solos urbanos consolidados – polo seu carácter normativo e indispoñible polo planificador – **prácticamente a totalidade da fronte litoral, ou ben se atopa clasificada como Solos Rústicos de especial protección de costas, paisaxística, ecolóxica ou patrimonial, ou ben se prevé a incorporación ó dominio público de amplas zonas calificadas como sistemas xerais de uso e dominio público.** Co que pode fácilmente concluírse que o PXOM de Sanxenxo xa estableceu un adecuado tratamento da fronte litoral do termo municipal.

No Plano que se acompaña como *Anexo I* ó presente Informe, se grafían os ámbitos territoriais clasificados polo PXOM como Solos Rústicos Especialmente Protegidos.

Q U I N T O.- O Documento inicial achegado adolece, ademáis, dunha deficiencia sustancial que veu a xerar, dende que vira a luz, unha patente inseguridade xurídica para os propietarios dos diversos ámbitos suxeitos a desenvolvemento, que xa tivo consecuencias patrimoniais en termos de merma nos valores de taxacións de terreos, e de contracción das posibilidades de obter financiamento alleo.

A tacha á que nos estamos a referir é a falla de **Disposicións Transitorias** no documento obxecto de análise, que veñan a clarexa – la situación na que quedan os solos que, consonte as determinacións do POL, se verían afectados, respecto do réxime urbanístico atribuído polo vixente planeamento xeral. Consecuentemente, resultaría imprescindible incluír no documento ó que se lle preste aprobación inicial as correspondentes Disposicións Transitorias.

De entenderse por parte da Consellería que non procede excluir do ámbito de aplicación do POL a totalidade das categorías de solo referidas nos apartados Segundo e Terceiro deste Informe, cando menos, **as Disposicións Transitorias que se inclúan no documento a aprobar inicialmente deberían contemplar uns prazos sustancialmente xenerosos para que os propietarios de solos suxeitos a desenvolvemento urbanístico que, á entrada en vigor do POL, non tiveran culminado o seu proceso de tramitación, puideran finalizalo.** Debendo recordarse novamente, neste punto, que **a imposición de proteccións ambientais que**

inviabilicen o desenvolvemento dos solos en tramitación, podería dar lugar a importantes indemnizacións achacables exclusivamente a Administración Autonómica.

S E X T O.- Ó fío do indicado no Apartado anterior, resultaría non só conveniente senón necesario, que o documento que se aprobe inicialmente xa contemple, punto por punto, o desagregado das modificacións que o POL vai a introducir nos vixentes planeamentos xerais afectados.

Esta proposta, que conviría incluír xa dende o inicio da tramitación do instrumento, contribuiría a dotar de maior seguridade xurídica, clarexando o concreto alcance do POL sobre o planeamentos municipais, co que se salvarían as indeterminacións e dúbidas que o documento inicial achegado veu a introducir.

A concreción das afeccións sobre os planeamentos municipais constitúe un verdadeiro mandato legal contido no art.14 da *Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia* que, se ben segundo o texto literal do citado precepto tan só parece ser esixible no documento que se aprobe definitivamente, como dicimos, resultaría razoable contemplala xa no documento ó que se preste aprobación inicial.

S É P T I M O.- En canto ó ámbito de aplicación concreto definido no documento remitido, cómpre indicar que se a pretensión do redactor do POL, como en diversas ocasións foi manifestado polos responsables da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras foi a excluí – los solos que, á súa entrada en vigor, se atopasen clasificados como Urbano Consolidado, Núcleo Rural e ós que tivesen aprobados definitivamente os instrumentos de planeamento e xestión urbanística, o certo é que dita pretensión non foi debidamente trasladada ó documento achegado.

Así, o art. 3 da Normativa condiciona a falla de aplicación do POL ás calificacións de solo anteditas, pero só ata que o planeamento se adapte a aquél, polo que non se trata dunha exclusión pura e simple, senón **CONDICIONADA E ACOTADA NO TEMPO.**

O que se deixou apuntado cobra maior transcendencia, se cabe, á vista das **proteccións ambientais previstas nos Planos integrantes do POL achegado correspondentes ó Concello de Sanxenxo**, xa que:

1. Case que tódolos **Solos Urbanizables** se atopan incluídos, completamente ou en parte, en áreas de Mellora Ambiental ou de Protección de Corredor, Ecolóxica, de Bosque e incluso Costeira, sen diferenciar entre aqueles solos que teñan finalizado o seu proceso de tramitación –co instrumento de planeamento e xestión aprobado definitivamente– respecto daqueles outros que non o teñan culminado, polo que **a práctica totalidade dos Solos Urbanizables, con independencia do estado de tramitación dos seus instrumentos de planeamento ou xestión, a pesar do dito no citado art. 3 da Normativa, resultan inexplicablemente afectados.**

A este respecto cabe apuntar, para a súa toma en consideración por parte dos redactores do POL, que **é precisamente o desenvolvemento dos diferentes solos urbanizables delimitados polo PXOM o que posibilitará a incorporación ó ben público de importantísimos sistemas xerais, creando novos elementos dotacionais públicos que darán lugar a espazos de esparcemento e de lecer de nova creación nun municipio de vocación turística como é o de Sanxenxo.** Polo que a aprobación do instrumento de ordenación do territorio que está sendo obxecto de análise deberá ter moi en conta dita circunstancia ós efectos de non obtura – lo crecemento e a riqueza futura deste termo municipal.

Incidindo nas determinacións previstas no documento de inicio do POL, convén sinalar que:

- 1.a. Resulta un absoluto sinsentido que **solos que teñen finalizada a súa tramitación administrativa**, cos seus instrumentos de planeamento e de xestión aprobados definitivamente –reflectidos na Táboa que se acompaña a este Informe como *Anexo II*– **se atopan delimitados en áreas de Mellora Ambiental, ou en proteccións de bosque, ecolóxico ou de corredor**, como é o caso dos **Solos Urbanizables ns. 1,3,6,7,8,10,11,12,15,19 e 27.**

A situación resulta **máis inadecuada, se cabe, respecto de solos que xa teñen moi avanzadas as súas obras de urbanización, como son os casos dos SU-1, SU-8 e o SU – 12**, xa que a culminación destas e a súa recepción polo Concello suporá a conversión definitiva destes ámbitos en Solo Urbano Consolidado. Sendo, ademais, ilóxica a imposición de proteccións ó SU – 10, cando en dito ámbito no só se finalizaron as obras de urbanización senón que xa se executaron edificacións.

- 1.b. Asemade, conviría clarexa – la situación na que se atopan solos delimitados en **áreas de ordenación**, polo que se dirá na Alegación Décima deste Informe, como son os SU – 15, 27, 28, 29 e 30. Máxime, no caso dos **SU – 15, 28 ou 29, toda vez que os seus promotores ou ben remataron as súas obras de urbanización dos seus respectivos ámbitos –como e o caso do SU – 28–, ou ben se atopan case finalizadas.**

Respecto do SU – 15 convén resaltar, ademais, que se atopa afectado por unha amplísima área de corredor pola existencia dun regato que o cruza afectando a parcelas de resultado edificables, así como a vias e espazos dotacionais xa executados que xa tivo o tratamento adecuado, con pleno respecto ás determinacións ó respecto contidas na lexislación de Augas no proceso de tramitación do seu Plan Parcial, e que por esta razón carece de toda lóxica o establecemento de novas proteccións que veñen a poñer en cuestión un ámbito cuxa urbanización está case rematada.

- 1.c. O manifestado con anterioridade podería extrapolarse, tamén, respecto dos Solos Urbanizables que

aínda no finalizaron completamente a tramitación dos seus instrumentos de planeamento e de xestión, pero que merecen a consideración dos redactores do POL, ós efectos de evita – la imposición de condicionantes que poderían inviabilizar estes desenvolvementos. Neste punto procede reiterar – la necesidade de darlles un tratamento adecuado, a fin de non impedi – lo desenvolvemento demográfico e económico do Concello e das necesidades de dotación (ver punto 3 desta Alegación) e de evita – la imposición de medidas que poidan conducir a quiebra económica de moitos propietarios de solo, coas eventuais Responsabilidades Patrimoniais que puideran xurdir e que serían atribuíbles exclusivamente á Administración Autonómica.

Cómpre ademais poñer de manifesto o feito de que, en concordancia co disposto na lei algúns destes solos urbanizables, como son os **SU – 13 e o SU – 14, xa foron sometidos ó trámite de Avaliación Ambiental Estratéxica**, consonte á Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente, co que **nestes planeamentos se tomaron as cautelas necesarias que indicou esa mesma Consellería na Memoria Ambiental redactada ó efecto.**

Sendo de sinalar, ademais, que respecto do SU – 14 se contempla unha ampla **Protección de Corredor** que afecta ós volumes edificables previstos, e incidindo, por ende, na ordenación urbanística aprobada, que carece de todo sentido, toda vez que o regato que cruza dito ámbito xa tivo o tratamento que correspondía mediante os condicionantes que impuxo Augas de Galicia cando informou o citado instrumento de planeamento de desenvolvemento.

O estado de tramitación dos distintos solos, como se deixou sentado, concrétase nas Táboas incluídas no *Anexo II* a este Informe.

2. Numerosos **Solos Urbanos Non Consolidados** –xa sexan incluídos en delimitacións de PERIs ou de PEIs– teñen, tamén, asignada a protección de Mellora Ambiental, de Corredor, bosque ou ecolóxica, prescindindo, ó igual que ocorre con respecto ós Solos Urbanizables, do estado de tramitación dos seus instrumentos de desenvolvemento, ou de se as obras de urbanización dos ámbitos se atopan completamente finalizadas e incluso entregadas. En definitiva, o redactor do POL non analizou detalladamente a situación concreta e puntual de cada un destes solos.

Neste senso, cómpre indicar que as delimitacións realizadas polo PXOM, tanto dos distintos **Polígonos de Execución Integral (PEIs) como dos Plans Especiais de Reforma Interior (PERIs), emprázanse, por concepto, na propia malla urbana do termo municipal**, polo que son espazos cuxo destino natural é o de servir de base para ós crecementos poboacionais máis inmediatos á cidade feita; ademais de **contituí – lo vehículo adecuado para dotar ós núcleos tramados do termo municipal dos necesarios espazos de esparcemento de uso e dominio público que contribuirán a alixera – lo colmatamento que sofren certas áreas poboadas.** Estes obxectivos só poderán conquerirse no suposto de que o desenvolvemento destes ámbitos chegue a culminarse consonte ás determinacións contidas no vixente PXOM, como é ben sabido.

Pormenorizando as concretas calificacións atribuídas ós distintos solos, é de sinalar que:

2.a. No tocante ós **PEIs**:

- Califícanse como de **Mellora Ambiental ós PEIs 2,3,4 e 5**: Partindo da base da absoluta inadecuación da atribución de dita calificación ós solos de referencia, polos argumentos expresados con anterioridade –inserción na malla urbana de núcleos tramados que conlevaría necesariamente á súa exclusión do ámbito de aplicación do POL–, resulta certamente revelador da arbitrariedade coa que actuou o redactor do documento, que dita calificación se asigne ós PEIs. ns. 2 e 3, toda vez que **as súas respectivas obras de urbanización xa foron formalmente recibidas pola Administración Municipal, téndose outorgado, incluso, algunhas licencias de Primeira Ocupación para edificacións xa executadas e en uso polos seus lexítimos propietarios.**

Doutra banda, o desenvolvemento dos PEIs 4 e 5 propiciara importantes áreas dotacionais constituídas por zonas verdes e viarios públicos, contribuíndo alixeira – lo colmatamento que sofre Portonovo.

- Asemade, e sen perxuicio do que se dira mais adiante, as **Áreas de Corredor** que afectan ós **PEIs. ns. 4,7,8,10,13,16 e 19** non quedan xustificadas no documento achegado –simplemente aparecen grafadas nos planos– polo que no documento que se someta a aprobación inicial debería motivarse a súa concreta asignación deste tipo de area, ou de non ser posible, eliminarse. O mesmo ha de manifestarse en canto ás **Proteccións de Bosque** ou ecolóxica que afecta ós ns. 10, 11 e 13.

Neste senso, resulta sorprendente que un solo xa urbanizado e edificado como é o PEI – 10, no que ademais se executou unha ampla zona verde entregada o dominio público, teña asignada unha calificación de corredor e de bosque, cando ó día da data se trata un solo transformado, cuxas obras de urbanización xa foron formalmente recibidas por esta Administración Municipal. En canto ó PEI – 13, procede remitirse ó manifestado polo Presidente da Xunta de Compensación na Alegación presentada ante este Concello, e que se acompaña como documento Anexo.

- En canto ós calificados como **Ámbito de Ordenación do Litoral**, resulta imprescindible sinalar, como se indicará na Alegación Décima deste Informe, que a súa ordenación urbanística non resulte alterada polas determinacións do POL.

A este respecto convén poñer de manifesto a importancia que ostentan, dende a perspectiva do interes publico, entre outros, os **PEIs ns. 15, 16 e 17**, cuxo desenvolvemento servirá para incorporar á vila de Sanxenxo importantes dotacións viarias que contribuirá a desconxestiona – lo tráfico que ó día da data soporta a rúa Progreso. Asemade, significar que no PEI – 17 a Administración Municipal proxecta a construcion de vivendas sociais que, de non posibilitarse o seu desenvolvemento, se estaria impedindo a posta en práctica desta importante accion de política social no municipio.

E, tamén, importante destaca – lo caso do PEI – 19, por tratarse dun ámbito no que as obras de urbanización se atopan moi avanzadas, existindo, tamén, numerosas edificacións executadas.

2.b. En canto ós **PERIs**, procede reitera – los razoamentos xa aputados co gallo da analise dos PEIs, debendo indicarse, non obstante o seguinte:

- A desafortunada calificación como **Mellora Ambiental dos PERIs 7 (en Bascuas) e 9 (en Bruñeira)**, ambos completamente circundados de Solo Urbano Consolidado, polo que a súa inserción na malla urbana e un data que esta fora de toda cuestión.
- Tamen resulta inadecuada a asignación das **Proteccións de Corredor, e de Bosque ó PERI nº 8 (Touticeira)**, o cal, ademais de atoparse encravado, tamen, na malla urbana do termo municipal, o Concello está a piques de aprobar definitivamente o seu instrumento de xestión urbanística.
- En canto ós restantes PERIs, calificados como de Ordenación do Litoral, reitera – lo indicado con anterioridade en canto á necesidade de que isto supoña a remisión á ordenación urbanística fixada polo PXOM.

3. En definitiva, o **desenvolvemento tanto dos solos urbanos non consolidados como dos urbanizables resulta indispensable para dar solución ás necesidades de dotación, de espazos libres públicos e de sistemas xerais que o Concello de Sanxenxo demanda**, e que veñen a supor, precisamente, o equilibrio económico fixado no Planeamento vixente.

Adxuntos se acompañan como *Anexo III*, diversos planos do PXOM deste Concello relativos a unha serie de ámbitos de Solo Urbano Non Consolidado e Urbanizable, sobre os que se grafan as zonas verdes e espazos libres públicos previstos en este desenvolvementos, e que resultan de singular importancia ós efectos do indicado no apartado anterior.

A introducción de determinacións que impidan estes desenvolvementos inviabilizaría, á súa vez, as previsións infraestructurais do municipio, convertíndoas en insostibles. Por conseguinte, **o POL debería, ou ben excluir directamente do seu ámbito de aplicación ós Solos Urbanos non Consolidados e os Urbanizables, ou ben debería establecer un tratamento adecuado destes nas Disposición Transitorias a incluír no documento que se someta a aprobación inicial, mediante a fixación dun prazo suficiente para que os seus propietarios poidan culmina – lo proceso de tramitación dos seus instrumentos de planeamento e de xestión.**

4. Ó marxe dos solos suxeitos a desenvolvemento, cómpre dicir, tamén, que se asignan inxustificadamente proteccións de Corredor e de Mellora Ambiental a amplas franxas de terreo que o PXOM de Sanxenxo clasifica como **Solo Urbano Consolidado** ou como **Solo de Núcleo Rural**, ubicadas en A Revolta, Vilalonga, Bascuas, A Lanzada, Gondar, A Vichona, Areas, Salgueira, Xuncablanca, Bruñeira Paxariñas, Vistalegre, Canelas, La Barrosa, Veiganova ou Padriñan. **Precisamente a súa clasificación urbanística**, indispoñible por definición para o planificador e plenamente regulamentada, **xustifica a súa exclusión do POL**, polo que deberá correxirse esta circunstancia na documentación planimétrica deste instrumento.

Do mesmo xeito, o POL deixa fora do réxime do art. 3 da Normativa a parte do Solo do Núcleo Rural de Xesteiriña, asignándolle a calificación de ámbito de ordenación do litoral; o que debería subsanarse a fin de outorgar a toda a superficie integrante deste Nucleo Rural o mesmo estatuto xuridico.

5. Ós efectos da súa toma en consideración, se acompaña como *Anexo IV* a este Informe diversos escritos de Alegacións formuladas por propietarios de terreos ubicados no termo municipal de Sanxenxo. Ditas Alegacións son as que a continuación se relacionan:

- Presentada por D. Alejandro Pazos García en data 22 de febreiro de 2010.
- Presentada por D. Manuel Castro Aguín en data 3 de marzo de 2010.
- Presentada por D. Antonio Fernández – Sueiro Castro en data 10 de marzo de 2010.
- Presentada por D. Enrique Santos Pombo en data 11 de marzo de 2010.
- Presentada por D. Francisco Javier Aguín Uhía en data 12 de marzo de 2010, respecto dunha parcela ubicada na delimitación do PEI – 4.
- Presentada por D. Raúl Vizoso Piñeiro en data 17 de marzo de 2010.
- Presentada por diversos propietarios do SU – 20 en data 25 de marzo de 2010.
- Presentada por D. Antonio Besada Blanco en data 29 de marzo de 2010, respecto dunha parcela emprazada na delimitación do PEI – 4.
- Presentada por D. Francisco Álvarez Montero, na súa condición de Presidente da Xunta de Compensación do PEI nº 13 en data 31 de marzo de 2010.
- Presentada Acciona Inmobiliaria SLU en data 8 de marzo de 2010, respecto do SU – 12.
- Presentada por D. Juan Francisco Otero Lamelas en data 31 de marzo de 2010.
- Presentada por D. Javier Gonzaga Alonso en data 31 de marzo de 2010, respecto do SU - 16.

- Presentada por D^a. Carmen Lopez Chouza en data 7 de abril de 2010 respecto do SU – 4.
- Presentada por D. Francisco Alvarez Montero en data 7 de abril de 2010 respecto do SU – 13.

Continuando co apuntado, cómpre afirmar que **de manterse a redacción actual do artigo 3 da Normativa, as proteccións previstas e a inexistencia de Disposicións Transitorias no documento exposto**, podería chegarse á rocambolesca situación, no intre no que o PXOM se tivese que acomodar ó POL, **de colocar ás construcións executadas ou por executar nestes solos en situación semellante á de fora de ordenación, á vista dos usos definidos nos arts. 34 a 36 do citado corpo normativo**, xa que as **obras permitidas nas Áreas de Protección o de Mellora Ambiental** respecto das **edificacións destinadas a uso residencial, parecen reducirse as obras de mera conservación.**

Esta situación resulta inaceptable para os numerosos propietarios de terreos con esta calificación, polo que o documento que se aprobe debería reconsiderar, tamén, esta circunstancia.

En concordancia co manifestado, e ós efectos de reflectir no documento as pretensións expresadas de forma reiterada por este Concello, propónse:

- Rectifica – la redacción do art. 3 da Normativa, eliminando a expresión “Ata que o planeamento urbanístico se adapte ao presente plan...”.
- Excluir do ámbito de aplicación do POL, de forma clara e diáfana, ós Solos Urbanos Consolidados e os Solos de Núcleos Rural.
- Excluir do ámbito de aplicación do POL ós Solos Urbanizables e ós Solos Urbanos non Consolidados, ou ben respecto dos que non tivesen culminado os procesos de tramitación dos seus instrumentos de planeamento e de xestión, incorporar nas Disposicións Transitorias un prazo suficiente para que os seus propietarios poidan finalizar estes procesos.

O C T A V O.- Convén tamén facer mención expresa á **inadecuación das áreas de Protección de Corredor delimitadas no Concello de Sanxenxo** que denota, ben ás claras, a falla de análise real e o descoñecemento amosado respecto deste termo municipal por parte dos redactores do POL. Neste senso, cómpre indicar que:

- a) Nin se xustifica nin se motiva ó longo do documento de inicio, cales teñen sido os criterios utilizados polo planificador para determina – la delimitación, anchura ou extensión de cada unha das áreas de corredor reflectidas; o que resulta inaceptable.
Como todo documento de ordenación do territorio, ó igual ca nos de natureza estritamente urbanística, as decisións do planificador han de vir plenamente motivadas xustificadas e razoadas; cosa que NON se fai no documento achegado.
- b) É un dato obxectivo o de que as dimensións das proteccións de corredor delimitadas no termo municipal de Sanxenxo resultan ser extraordinariamente desproporcionadas, sen que se outorgue ó respecto xustificación algunha.
- c) Asemade, como xa se expuso no apartado anterior, se delimitan proteccións de corredor en áreas clasificadas como Solo Urbano Consolidado e de Núcleo Rural (ver Alegación Séptima, punto 4.), como Solos Urbanos Non Consolidados, e como Solos Urbanizables que finalizaron o seu proceso de tramitación administrativa ou que incluso xa culminaron as súas obras de urbanización, respecto dos que, presuntamente, o planificador pretendía deixar fora do ámbito de aplicación do POL. Se esta era a súa intención, carece de toda lóxica asignar protección algunha.
- d) Finalmente, cómpre sinalar que xa o propio PXOM veu a outorgar un tratamento adecuado ós ámbitos de influencia dos ríos e regatos que discorren polo termo municipal mediante a súa clasificación, fora dos tramos dos cursos que discorren por zonas clasificadas como Solo Urbano Consolidado, como Solos Rústicos de Protección Paisaxística. Dita clasificación urbanística incorpora un rexime de usos plenamente compatible cos valores que pretende encarnar o POL, e que ven a respecta – las previsións legais ó respecto tanto en materia urbanística como en materia de Augas; sendo de sinalar, a maior abundamento, que o vixente Plan Xeral deste Concello, como non podía ser doutro xeito, foi informado favorablemente no seu día polo organismo competente en materia de Augas.
Por elo, non parece necesario que o POL pretenda incorporar determinacións que incidan directamente na ordenación urbanística fixada polo PXOM, que contribúan a aumentar inxustificada e considerablemente a protección dos terreos de referencia en termos de superficie afectada ou usos. Máxime cando, como se deixou apuntado, no documento de inicio non se ofrece unha fundamentación razoable e cabal das decisións e criterios utilizados polo planificador na delimitación das áreas de corredor.

Por todo elo propónse:

1. Elimina – las proteccións de corredor establecidos nos ámbitos territoriais respecto dos que o POL quede excluído, consonte ó indicado neste informe.
2. Adecua – la áreas de Protección de Corredor ás determinacións contempladas no vixente PXOM de Sanxenxo.

N O V E N O.- Asemade, cómpre indicar que o documento achegado tampouco xustifica, punto por punto,

as **Proteccións de Bosque** asignadas a diversos ámbitos territoriais esparcidos ó longo do termo municipal de Sanxenxo.

Así, o redator do POL debería ter motivado en cada unha destas áreas, a efectiva concorrencia de vexetación arbórea autóctona que conformen hábitats de interese e alta fragilidade, incluído soutos e carballeiras e outras masas de vexetación de ribeira, nos termos definidos no art. 11.3 da Normativa. Por contra, se limita a salpica – lo municipio de proteccións deste tipo sen que se coñeza, a ciencia certa, o criterio utilizado.

A falla dunha motivación cabal e coherente ó respecto non pode levar máis que a califica – la decisión do planificador como arbitraria, e por ende, non axustada á legalidade e á doutrina xurisprudencial aplicable á materia.

Por conseguinte, se propón que o documento que se aprobe inicialmente contemple a xustificación e a motivación da concorrencia dos elementos que definen as proteccións de bosque en cada unha das porcións do termo municipal así calificadas; ou, se isto non fora posible a súa directa eliminación.

D É C I M O.- Para finalizar, procede apuntar que o Documento que se aprobe inicialmente, en aras de dotarlle dunha maior comprensión, debería clarexa – lo significado e alcance das denominadas **áreas de ordenación do litoral**. A definición contida no art. 10 da Normativa, e os usos definidos no art. 36 do mesmo corpo legal, non veñen a concretar estas cuestións; antes ó contrario, propician serias dúbidas respecto do réxime aplicable ós solos así considerados, como se ten comprobado, á vistas das consultas realizadas polo propietarios de solos afectados por esta categoría.

Doutra banda, tampouco se alcanza a comprender cál sería a diferenza de réxime xurídico entre un área de ordenación á que lle sería de aplicación o réxime definido no art. 3 da Normativa, respecto doutra á que non lle resulta de aplicación este réxime.

As dúbidas suscitadas merecen a introducción das correccións necesarias tanto na definición do concepto como nos usos permitidos nestas áreas, evitando a utilización de conceptos que non resulten plenamente claros.

En opinión do que suscribe, este tipo de área debería definirse como aquélas que respeten íntegramente o réxime urbanístico previsto polos planeamentos municipais.

U N D É C I M O.- A modo de síntese, e á vista da argumentación exposta ó longo deste informe, se propón:

- a) Contemplan na documentación planimétrica do instrumento ó que se lle preste aprobación inicial, o ámbito territorial concreto afectado sobre o que o POL extenda as súas determinacións mediante liña grafiada ó efecto, por canto que no documento achegado esta circunstancia, á vista das tramas asignadas, se revela certamente difusa, incoherente e arbitraria.
- b) Que a delimitación do POL comprenda, exclusivamente, a franxa de terreo integrada polos primeiros 500 metros medidos de forma lineal dende o límite interior da ribeira mar, por ser estes terreos os propios da fronte litoral e das paisaxes vinculadas ó mesmo.
- c) Rectifica – la redacción do art. 3 da Normativa, eliminando a expresión “*Ata que o planeamento urbanístico se adapte ao presente plan...*”, e deixando claramente fora d ámbito de aplicación do POL ós solos que reúnan as condicións que se indican a continuación.
- d) Excluir do ámbito de aplicación do POL, de forma clara e diáfana, os Solos clasificados polo vixente PXOM de Sanxenxo como Solos Urbanos Consolidados e Non Consolidados, así como ós Núcleos Rurais e os Solos Urbanizables polos motivos expresados no informe.
- e) Con carácter subsidiario respecto do manifestado no apartado d) anterior, e mantendo a plena exclusión, cando menos, dos Solos Urbanos Consolidados, de Núcleo Rural e os que teñan aprobados os seus instrumentos de planeamento e de xestión, incorporar ó documento unhas Disposicións Transitorias nas que se outorgue un prazo suficiente ós propietarios de Solos suxeitos a desenvolvemento urbanístico que non teñan finalizada a tramitación dos seus instrumentos de planeamento e de xestión, para que poidan culminalos.
- f) Elimina – las proteccións asignadas nos planos ós ámbitos territoriais expresamente excluídos da aplicación do instrumento obxecto de informe, transportando dita previsión á documentación planimétrica.
- g) Adecua – las Protección de Corredor ás determinacións fixadas no vixente PXOM de Sanxenxo.
- h) Motivar e xustifica – las calificacións e proteccións asignadas a cada ámbito territorial do termo municipal.
- i) Clarexa – lo alcance e concepto dos ámbitos de ordenación do litoral, definídoos como aquéles cuxo réxime sexa o previsto nos planeamentos municipais.

O Sr. Otero Domínguez subliñou que este informe técnico ratifica moito do manifestado neste pleno, aínda que non o subscribe ao 100%, por canto non considera que o PXOM protexa suficientemente determinadas zonas da costa, pero si é certo que no informe se defenden cousas que o seu propio grupo denunciou. O interviniente pregunta cal é a postura do goberno municipal xa

que os veciños, nun tema tan importante como este, deben saber claramente que pensa cada grupo político e engadiu o xa manifestado anteriormente de que se se acepta o contido do informe se modificaría o 80% do POL para Sanxenxo, o que supón na práctica unha retirada en toda regra do POL.

A **Sra. Aguíñ Pombo** aludiu a que o informe lido ven a recalcar que o documento do POL supón unha aberración para Sanxenxo e quixo destacar que a presentación deste POL, que incrementa a protección respecto da que figura no PXOM, lle ven a dar a razón aos grupos que dicían que era necesaria máis protección..

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** logo de indicar que aproximadamente unha páxina e media do informe non se leu, dixo que el non podía expresarse máis tempo xa que non ía ter 44 minutos como tiveron os concelleiros citados para dar lectura o informe remitido á xunta. O interviniente voltou a reiterarse no manifestado sobre o prazo de finalización do informe municipal e preguntouse se se faría un novo para recoller as aportacións que os veciños fixeran ata esa data. Tamén indicou que os técnicos son técnicos, pero os políticos tamén son políticos e aqueles están as ordes destes, polo tanto, debía consensuarse unha postura do concello que lle dera máis forza porque todos estaban practicamente de acordo sobre o prexuízo que para Sanxenxo supoñía o POL.

A **Sra. Alcaldesa** precisou que a intervención dos concelleiros do grupo popular durou tanto porque foi necesario expoñer o solicitado na convocatoria do pleno polos grupos da oposición engandindo que o dito no informe é a postura do goberno municipal subscrita en todo o seu contido e que, si a todos os grupos lle parecía ben, podía adoptarse un acordo plenario ao respecto, rematando para indicar que se se realizaban novas suxerencias non tiña inconvenientes para trasladalas á Xunta de Galicia.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** aludiu a que non se debía confundir con datos como o de que o POL está por riba do PXOM, por canto non é certo, xa que así fose, non terían que facer alegacións.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que para ela o PXOM está por riba do POL e hai que procurar que este respecte o que aquel sinala.-----

4º) ALEGACIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN CONTRA DO AVANCE DO “POL” A REMITIR Á XUNTA DE GALIZIA. Polo **Sr. secretario** dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo do 16 de abril do actual e da enmenda presentada polo **Sr. Rodríguez Lorenzo** o 17 de abril que a continuación se transcribe :

“”José L. Rodríguez Lorenzo, representante de VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo) en la Corporación manifiesta:

En la comisión celebrada en el día de ayer, jueves 15, este representante le solicitó que se celebrase otra comisión, solicitud que se hacía para tener la posibilidad de leer con detenimiento el INFORME realizado y firmado por Don Juan Lorenzo Ramírez (Xerente Municipal de Urbanismo de nuestro Concello). Dicho informe no se puso a nuestra disposición hasta la celebración de la comisión informativa, cuando fuera realizado el día ocho y cursado a la consellería un día después (¿Cómo iba Usted a poner dicho informe a nuestra disposición antes de la comisión?, la cuestión es que de ponerlo, antes nos enteraríamos de que hasta para los técnicos de nuestro concello el POL:

“...manifestamente inadecuado que un instrumento como o referido pretenda, como é o caso,

extende-las súas determinacións a ámbitos espaciais ubicados terra a dentro, que se revelan completamente alleos a natureza e características propias da paixaxe litoral ó que o documento do POL ha de responder.”

“...delimita áreas de protección en terreos ubicados a kilómetros de distancia de la costa, que nada teñen que ver coa paixaxe litoral, e que deberían resultar excluídos da súa influencia”Salvo certas excepcións, como os espazos incluídos na Rede Natura, e que denotan, ben as claras, unha manifesta extralimitación na que o documento achegado incurre”

“Podra levar a quiebra técnica a numerosos particulares”

“...falta de disposicións transitorias no documento obxecto de análise”

“...o art. 3 da Normativa condiciona a falla de aplicación do pol ás calificacións de solo anteditas, pero só ata que o planeamento se adapte a aquél, poro que nones trata dunha exclusión pura e simple, senón condicionada e acotada no tempo”

“...a practica totalidade dos solos Urbanizables, con independencia do estado de tramitación dos seus instrumentos de planeamento ou xestión, a pesar do dito no artigo 3 da Normativa, resultan inexplicablemente afectados”

Expone, el informe que se había prometido **“...excluí-los solos que, a súa entrada en vigor, se atopasen clasificados como urbanos consolidados, núcleos rurais, é os que tiñesen aprobados definitivamente os instrumentos de planeamento e xestión urbanística...”**, lo que no fue cumplido.

“Califícanse como de Mellora ambiental los PEIs 2,3,4,e 5...../.....cando nos PEIs 2 e 3 as suas respectivas obras de urbanización xa foron formalmente recibidas pola Administración Municipal, yéndose outorgado, incluso, algunhas licencias de primeira ocupación para edificacións xa executadas e en uso polos seus propietarios”

“...atoparse en área de Mellora ambiental, ou protección de bosque, ecolóxico ou de corredor solos como os urbanizables números 1,3,6,7,8,10,11,12,15,19, e 27”.

Y así poderíamos estar haciendo referencias copiadas literalmente del informe técnico (que no sugierencia ni mucho menos alegación, del grupo de gobierno), de dieciséis páxinas, **demoledoras en lo referente a que trituran, masacran, aniquilan, linchan el POL desde un punto de vista técnico y políticamente aséptico**. Debemos recordar aquí algo que dice el arquitecto jefe del servicio de Planeamento e Xestión Urbanística, del concello de Pontevedra en referencia a dicho municipio: **“.....planes urbanísticos en tramitación y ya aceptados en su día por la Xunta, "quedarían invalidados". Tampoco alerta de que haya que derribar lo ya construido. Por todo ello, este informe concluye que la mejor solución sería rehacer el POL”.**

Puesto que el informe firmado por el actual Xerente de urbanismo es asumido por VIPS en mas del 90% de lo que en el mismo se expone; pero como es lógico, no denomina ni califica como realmente corresponde: LA INCOHERENCIA MAS GRANDE JAMAS REALIZADA POR LA XUNTA DE GALICIA DESDE EL PRIMER GOBIERNO AUTÓNOMO HASTA LA LLEGADA DEL PRESIDIDO POR EL ACTUAL PRESIDENTE, solicitando un maquillaje del mismo, cuando lo que procede es lo apuntado líneas mas arriba cuando el técnico de Pontevedra, exponía: **“la mejor solución sería rehacer el POL”.**

El Reglamento de Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales – Real Decreto 2568-1986 de 38 de noviembre, en su artículo 97.5 nos dice: Enmienda es la propuesta de modificación de un dictamen o proposición presentada por cualquier miembro, mediante escrito presentado al Presidente antes de iniciarse la deliberación del asunto.

En base al mencionado artículo, presentamos al dictamen de la Comisión Informativa, para su tratamiento ante el pleno de la corporación la siguiente

ENMIENDA:

Que en base al sentir vecinal, respaldado por el informe técnico, en la parte referente ser un documento:

Manifestamente inadecuado,, eventuais consecuencias indemnizatorias; cambio na regras do xogo; falta de disposicións transitorias (ocultas a los ciudadanos y municipios, después de la presentación del POL a los medios de comunicación, en Santiago); ***las incongruencias que se dan; la falta de soporte jurídico, consecuencias indemnizatorias, posibles quiebras técnicas de particulares, etc.***

Y a que la Xunta de Galicia pretende aprobar inicialmente este Plan antes de la llegada de las sugerencias de los vecinos, a los cuales se les está exponiendo el Plan. No puede ser que el último día de exposición, para todos los municipios, sea el 10 de mayo y con cuatro días por medio (**en los que habrá que remitirlas a la consellería, una vez allí tendrán que valorarlas y plasmarlas en el documento o rechazarlas**), pretendan la aprobación el día 15 del mismo mes para la publicación de la aprobación inicial, el día 16., dado que el 17 termina la suspensión efectuada con motivo de la **Lei de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do territorio e do Litoral de Galicia**

Solicitamos el cambio de dictamen de la comisión informativa por el correspondiente a:

Se rechace la Aprobación del Plan de Ordenación del Litoral, por estar Ordenando todo el municipio y no solo el litoral, usurpando competencias municipales y mucho mas cuando tenemos un planeamiento aprobado hace siete años, que protege el 40 por cien del municipio a través de protecciones ecológicas, paisajísticas, forestales, de patrimonio, espacios naturales y protección de costas.

Se redacte una verdadera **Ley de Protección del Litoral**, partiendo de la **Lei de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do territorio e do Litoral de Galicia**”

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, subliñou despois de todo o dito sobre o POL con manifestacións empresariais de diversos colectivos e incluso doutros concellos, que existen motivos máis que de sobra para plantexar no pleno a postura municipal en contra do avance do POL, considerando que ademais non deberían existir demasiados obstáculos cando o grupo popular acepta agora o límite de cincocientos metros de protección e ademais se remitiu un informe abertamente contrario ao POL, todo o cal xustifica a retirada do mesmo.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, amosouse a favor dunha elaboracion do POL adaptada á realidade dos concellos, non pide que se retire o POL, senón que este é moi prexudicial para Sanxenxo, non estando de acordo con el.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, no senso exposto na emenda transcrita, indicou que esta ordenación tiña que haberse realizado fai moitos anos, non estando tampouco de acordo con unha franxa uniforme para toda a costa de cincocientos metros, na liña do acordo adoptado pola corporación en maio de 2009. Ademais considerou que a retirada do POL era imposible dada a repercusión que tal medida tería para toda Galicia.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, aludiu a que todos os grupos concordan co informe remitido á xunta, no senso de defender o PXOM e os intereses do concello, engadindo que o grupo de goberno coincide na súa postura coa sinalada no informe, razóns as anteriores polas cuales podía adoptarse un acordo no senso do informe emitido. En todo caso, co que non está de acordo é con realizar paralizacións que afectarían a sectores productivos senón en mellorar o documento enviado ao concello.

O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que aceptaba o informe pero non concordaba con algunhas cuestións do seu contido e preguntouse qué pasaría se a Xunta non aceptaba as consideracións do informe, engadindo que o máis seguro era que o grupo de goberno acabaría tragando co que lle enviaran dende Santiago.

A **Sra. Aguíñ Pombo** dirixíndosee ao partido popular estrañouse co feito do que non apoiaran este punto da orde do día cando non están de acordo co POL como demostra a presentación dun informe negativo de 21 folios.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** recalcou que o informe era de consideración técnica, que tiña en realidade 15 páxinas e que estaba subscrito polo Xerente de Urbanismo, esperando que as modificacións que se realicen no POL vaian no senso da emenda de VIPS pola presión que na mesma dirección recibirán doutros concellos de Galicia. O interviniente rematou a súa exposición abogando porque cando se aprobe inicialmente o POL se realice unha exposición pública coa maior transparencia posible para que os veciños poidan estar debidamente informados e presentar as súas alegacións, non se fixo neste caso, en que non pasaban de 14 as remitidas xunto co informe do xerente de urbanismo. Tamén considerou positivo este debate porque amosou a forma de pensar de cada un.

O **Sr. Casal Moldes** defendeu, unha vez máis, a exposición realizada polo concello do avance do POL, recordou que viñeron caseque cincocentas persoas e deuse a maior información posible, indicándolle ao BNG que este goberno non é esclavo como foron vostedes do goberno bipartito, lembrando a non explicación que se lle deu aos veciños cando se impuxo a restrición dos cincocentos metros.

Logo dunha breve intervención do **Sr. Otero Domínguez** para subliñar que a medida sinalada polo Sr. Casal Moldes era unha paralización temporal, entrevistou a **Sra. Alcaldesa** para dicir que o que se pretende pola oposición é vender que o informe remitido á Xunta foi dos técnicos, cando en realidade este informe é asumido polo goberno municipal e se realizou logo dun traballo que permitu presentar as consideracións necesarias para que o POL se adapte á realidade do Concello de Sanxenxo, defendendo así mesmo o PXOM actualmente en vigor, sempre na idea de ir mellorando o realizado e non paralizar todo como pretenden outros. Por último indicou que esta alcaldía tiña un criterio propio e que, ata o día 10 de maio, podese seguir presentando escritos, tanto de grupos políticos como de veciños, que se trasladarán á Xunta seguindo a liña de traballo que este grupo ten.

Rematado o debate, a **Sra. Presidenta** someteu a votación a emenda presentada polo concelleiro do Grupo Municipal Mixto, na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : un (Grupo Municipal Mixto)

Votos en contra : quince (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

Votos pola abstención : cero.

En consecuencia a emenda non foi aprobada.

Seguidamente a **Sra. presidenta** someteu a votación a alegación da corporación municipal en contra do POL, na que se deu o seguinte resultado:

Votos a favor : seis (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)
Votos en contra :nove (Grupo Municipal do PP)
Votos pola abstención : un (Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, non foi aprobada.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as trece horas e quince minutos, de todo o que, eu secretario, **dou fe:**